

O 85,87% dos establecementos adicados á alimentación viron caer as súas vendas no último semestre

- Os datos do III Informe de Coxuntura do Comercio Minorista revelan que son os establecementos do núcleo comercial secundario de Vigo os que máis acusan a crise
- O dato positivo na terceira edición deste estudio volve a ser o compromiso dos comerciantes co emprego, xa que o 88,95% mantivo os seus equipos
- No relativo ás cifras de altas e baixas do IAE, no ano 2009 foi máis positivo do que aparentemente semellaba, con 869 altas e 1.020 baixas.

Vigo, 08/04/10.- Trátase dunha ferramenta nacida para pulsar, cada seis meses, o estado do comercio minorista da demarcación da Cámara de Comercio de Vigo, e os resultados revelan que o 82,88% dos establecementos enquisados nesta ocasión sufriron unha seria redución das súas vendas. Pero, contrariamente ao acontecido nos dous anteriores informes, onde os establecementos máis afectados eran os adicados ao vestido e ao calzado, nesta ocasión é a alimentación (85,87%) xa que viu cair os seus números. O presidente da Cámara de Comercio de Vigo, José García Costas, presentou esta mañá o III Informe de Coxuntura de Comercio Minorista, nun momento no que, como apuntou o responsable da institución cameral “o comercio agudiza o inxenio para levar adiante as vendas”.

Nesta terceira edición quisose afondar aínda máis nos datos, e para elo aos comerciantes que afirmaron ter sufrido unha baixada nas súas vendas, se lles pediu cuantificar este descenso. Así, o 20,72% dos enquisados di que as súas vendas caíron máis dun 30%, mentras que o 62,16% dos comerciantes afirman que as súas vendas reduxéronse entre un 0 e un 30%.

Atendendo ás zonas comerciais, e comparando as dúas últimas edicións do informe, neste caso é o núcleo comercial secundario o que se viu máis afectado (zona que integra rúas fora do centro da cidade pero que están no casco urbán e teñen gran densidade comercial).

De novo, o dato positivo do informe nace do compromiso dos comerciantes co el emprego. I é que pese ás circunstancias adversas da economía, os responsables dos establecementos mantiveron os seus equipos no 88,95% dos casos, unha cifra dous puntos por riba do estudo anterior. De feito, o Índice de Ocupación do comercio ao por menor en Galicia, facilitado polo Instituto Nacional de Estatística, mantense estable dende agosto de 2009, con un lixeiro

descenso nos meses de setembro, recuperándose a media mensual a partires de novembro de 2009.

O sector se amósase optimista

No que se refire ás perspectivas para o segundo semestre de 2010, non difiren moito dos resultados obtidos no informe anterior. Mentras o 52,77% dos comerciantes prevían que as súas vendas ían a diminuír no primeiro semestre de 2009, e o 34,40% que se manterían, as súas expectativas para o primeiro semestre do 2010 aparentemente son un pouco máis optimistas xa que o 54,42% cre que as súas vendas diminuírán e o 33,70% que permanecerán igual. No se amosou así de satisfeito o respónsable cameral, quen augurou un ano “moi duro, aínda que esperamos que sexa o último”.

Altas e baixas do IAE

O presidente da Cámara de Vigo fixo mención tamén a outros datos importantes do informe, como os que fan referencia ao número de altas e baixas do Imposto de Actividades Económicas. Neste sentido, García Costas afirmou estar sorprendido cos resultados xa que “a percepción da rúa é que o número de comercios que se pecha é maior dos que realmente os feitos amosa; unha percepción equivocada”. Así, os datos relativos a 2009 falan de 869 altas e 1.020 baixas de sociedades individuais no IAE, i en 2008, 1.098 altas e 1.113 baixas.

No que se refire a sociedades mercantís, as altas de 2008 foron 486 e as baixas 350, cifras que amosan que “este tipo de sociedades teñen un percorrido máis longo e se ven menos afectadas pola crise actual”, segundo apuntou José García. As de 2009 falan de altas 333 de sociedades mercantís e 307 baixas.